


<i>Identificación del Registro y Funcionario</i> REGISTRO MARIA PITA MEMV		SELLO DE ENTRADA Fecha:30/12/2019 Número:46279  15030 A RMPE130ZPI
<i>Código del Asiento</i> RMPE130ZPI	<i>Fecha y Hora de Registro</i> 30/12/2019 12:18:58	

JUSTIFICANTE DE PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS EN EL REGISTRO

FECHA, HORA Y NUMERO DE REGISTRO

30/12/2019 12:18:58 nº46279

EXTRACTO (Contenido del escrito)

PREGUNTAS PARA RESPUESTA ESCRITA SOBRE LABAÑOU

INTERESADOS

PRI: GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO <---> Plaza MARIA PITA, Nº1 , CP 15001 - CORUÑA (A) - A CORUÑA

DOCUMENTACIÓN APORTADA

**500P1Q1K541V1Z4F18NK - Solicitud general
Original electrónico**

Este justificante deberá ser presentado para obtener cualquier información sobre el escrito al que hace referencia.

LEYENDA: [F]Funcionario [N]Negociado [O]Otros [PRI]Principal [REP]Representante [SEC]Secundario

O Grupo Municipal do **Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, e por iniciativa da súa concelleira, Avia Veira González presenta as seguintes **preguntas** para a súa **resposta escrita** para o vindeiro Pleno do Concello da Coruña **sobre Labañou,**

Exposición de motivos

Este Grupo Municipal é consciente das necesidades do barrio de Labañou en materia urbanística, de mobilidade, sanitaria, cultural, social e deportiva.

Así, a veciñanza pide que se acometa a reforma do Grupo de Vivendas María Pita, do que en teoría hai proxecto.

Asemade, o Grupo de Vivendas do Carme ten un problema de saneamento xa que non conta con separación de pluviais e fecais o cal está a provocar problemas importantes de asolagamentos de baixos, como o da asociación de veciños.

No que ten a ver coa mobilidade, sinalan que hai moitas ocasións en que na avenida Gran Canaria hai coches que chegan a circular a 80 km por hora polo que exixen medidas para a pacificación do tráfico. Asemade, piden que o semáforo que regula o xiro á dereita desde a rolda de Outeiro á avenida Gran Canaria non sexa de ámbar intermitente senón verde ou vermello porque é un perigo para os coches que ao xirar non teñen visibilidade abondo dos peóns que atravesan. Consideran tamén un problema o cúmulo de coches –moitas veces subidos ás beirarrúas- que se concentran na contorna da rúa Educación fundamentalmente pola UNED, a Escola de Idiomas e o Conservatorio. Para afrontar isto, consideran que é importante vixiar mais tamén poñer en marcha medidas como o “Bica e arrinca” e poñer en marcha medidas máis profundas como a da reorganización das liñas de buses, que no caso do barrio de Labañou deberá ter en conta que a confluencia de servizos educativos comúns a toda a cidade e mesmo á área metropolitana.

En materia sanitaria sinalan que teñen até doce días de agarda para unha cita en atención primaria e que non se cobren nin as vacacións nin as baixas dos facultativos do Centro de Saúde de Labañou.

En materia cultural e de programación festiva, solicitan que se continúe e potencie a programación descentralizada e polo tanto que se conte co seu barrio de cara á programación cultural.

No eido social, sinalan que hai un problema de convivencia e de control de puntos de drogas así como a necesidade de que haxa máis traballadoras sociais para afrontar a situación social e presenza policial para un efecto disuasorio de determinadas condutas que se dan na contorna do Centro Cívico de Labañou e que en ocasións provocan que se deixen de empregar espazos públicos como o parque ou as pistas deportivas.

Canto á cuestión deportiva, propoñen que haxa programación para eventos deportivos de xeito regular nas pistas deportivas e un esforzo en mantemento e coidado para que poidan ser empregadas.

En consecuencia, o Grupo Municipal do BNG realiza as seguintes

Preguntas

- Cando se vai executar a rehabilitación do Grupo de Vivendas de María Pita?
- Ten previsto o Goberno local acometer a separación de pluviais e fecais no Grupo de Vivendas do Carme? Cando?
- Estase vixiando acotío o aparcamento indebido enriba das beirarrúas na contorna da rúa Educación e da avenida Gran Canaria?

- Cales están sendo as consecuencias dese aparcamento indebido?
- Na reordenación das liñas de autobuses, está tendo en conta o Goberno Local a acumulación de servizos educativos comúns a toda a cidade e a área metropolitana?
- Que medidas de calmado de tráfico ten pensado poñer en marcha o Goberno local neste barrio?
- Vai atender o Goberno da cidade a demanda do cambio de semáforo no cruzamento da rolda de Outeiro coa avenida Gran Canaria?
- Ante as denuncias da veciñanza, vaise controlar a velocidade e sancionar, se for o caso, a aquelas persoas condutoras que incumpren as limitacións na avenida Gran Canaria?
- Vai dotar de máis carga e descarga a rúa Educación? Vaise vixiar o respecto da carga e descarga por parte dos vehículos de particulares?
- Vaille facer chegar o Goberno local á Consellaría de Sanidade as deficiencias en Atención Sanitaria no Centro de Saúde de Labañou?
- Como vai afrontar o Goberno municipal a situación social que se vive na contorna do Centro Cívico Municipal e no Grupo de Vivendas do Carme?
- Ten pensado o Goberno local atender a demanda da veciñanza de incluír o barrio de Labañou na programación cultural e festiva?
- Cales son os plans da Concellaría de Deportes para revitalizar as pistas deportivas situadas entre o Grupo de Vivendas do Carme e a rolda de Outeiro?

A Coruña, 30 de decembro de 2019



Avia Veira González

Concelleira do Grupo Municipal do BNG

Á ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DA CORUÑA